CA3.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA3.4 Producíronse en lingua estranxeira textos orais, escritos e multimodais, breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa, seguindo pautas establecidas e facendo uso de ferramentas e recursos analóxicos e dixitais
CA3.5 Participouse en situacións interactivas e en accións guiadas síncronas e asíncronas, breves e sinxelas, en lingua estranxeira, sobre temas cotiáns próximos ao seu ámbito profesional ou de relevancia persoal, amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas necesidades, as ideas, as inquietudes, as iniciativas e as motivacións das persoas interlocutoras
CA3.6 Utilizáronse, de forma guiada e en contornas profesionais e persoais próximas á súa experiencia, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, e solicitar e formular aclaracións e explicacións en lingua estranxeira
CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento profesional e persoal, identificando os elementos culturais e lingüísticos que fomentan o respecto, a sustentabilidade e a democracia

4.18.e) Contidos

Contidos
Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora.



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Contidos
0Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. Estratexias básicas para identificar, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.), a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos ás situacións propias do seu ámbito profesional de especialización e á vida cotiá. Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística e cultural. Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, na produción e na coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, tanto do ámbito profesional de especialización como do persoal. Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a esas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas. Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional en que se insire o ciclo formativo e do ámbito profesional. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados a eses padróns. Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, aos padróns e aos elementos gráficos. Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, a produción e a coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración para a aprendizaxe e a comunicación tanto no ámbito profesional de especialización como no persoal.

4.19.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
19	Staying safe is important	3

4.19.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais, frecuentes e concretas dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas e sistemáticas de planificación, execución e reparación para a comprensión, produción e coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados	NO



4.19.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de xeito guiado a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido, e evitando os riscos de manipulación e de desinformación
CA3.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas
CA3.3 Interpretouse o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns propios do seu ámbito profesional de especialización ou de relevancia persoal, expresados de forma clara e no rexistro estándar da lingua estranxeira
CA3.4 Producíronse en lingua estranxeira textos orais, escritos e multimodais, breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa, seguindo pautas establecidas e facendo uso de ferramentas e recursos analóxicos e dixitais
CA3.7 Mellorouse a capacidade de se comunicar en lingua estranxeira utilizando os coñecementos e as estratexias do repertorio lingüístico e cultural propio, con apoio doutras persoas participantes e de soportes analóxicos e dixitais
CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento profesional e persoal, identificando os elementos culturais e lingüísticos que fomentan o respecto, a sustentabilidade e a democracia

4.19.e) Contidos

Contidos
Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora. 0Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. Estratexias básicas para identificar, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.), a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos ás situacións propias do seu ámbito profesional de especialización e á vida cotiá. Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística e cultural. Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e as emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, na produción e na coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, tanto do ámbito profesional de especialización como do persoal. Unidades lingüísticas básicas e significados asociados a esas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas. Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional en que se insire o ciclo formativo e do ámbito profesional.



Contidos
Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociados a eses padróns.
Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, aos padróns e aos elementos gráficos.
Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, a produción e a coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración para a aprendizaxe e a comunicación tanto no ámbito profesional de especialización como no persoal.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Tendo en conta que o módulo dispón de SEIS SESIÓNS SEMANAIS, acórdase o seguinte reparto da carga lectiva entre dous docente:

-Comunicación (L. Galega e L. Castelán) e Sociedade: 4 sesións, 65% do módulo. Impartidos por un mesmo docente co seguinte reparto: 2 sesións para Comunicación e 2 sesións para Sociedade.

-Comunicación (Lingua Inglesa): 2 sesións, 35% do módulo. Impartido por outro docente.

Para aprobar o módulo é necesario que o alumnado teña un 3 en cada un dos bloques.

Para o BLOQUE DE SOCIEDADE, os mínimos esixíbles serán os criterios de avaliación establecidos máis abaixo.

Para obter a NOTA aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Un 50% mediante proba escrita (exame) sobre os contidos de cada trimestre.

- Un 50% da nota procederá da observación directa do traballo académico na aula/casa (correcta realización de traballos e actividades, participación con criterio, respecto polo material empregado, e pola materia en xeral).

A nota final obterase mediante media aritmética das tres avaliacións, e para aprobar será preciso acadar un 5 como nota mínima.

Se alguén é sorprendido copiando nalgunha das probas de avaliación, a cualificación será automaticamente de 0 puntos.

As faltas de ortografía descontarán 0,1 ata un máximo de 1 punto nas probas escritas e nos traballos.

Criterios mínimos de avaliación:

-Coñecer a orixe e evolución dos sistemas democráticos.

-Coñecer os principios da organización económica e os seus procesos de globalización.

-Coñecer os principais fitos da historia mundial, española e galega.

-Coñecer o proceso básico da construción europea.

-Recoñecer os principais exemplos da arte contemporánea.



- Coñecer a Declaración Universal de Dereitos Humanos.
- Coñecer e valorar o modelo democrático Español e as súas institucións principais. A constitución
- Coñecer as principais institucións da Comunidade Autónoma galega. O estatuto.
- Valorar o principio de non discriminación por motivos de sexo, raza ou orientación sexual.
- Procurar e elaborar información en distintas actividades (individual e en equipo).

Para o BLOQUE DE COMUNICACIÓN (L. Galega e L. Castelá), os mínimos esixibles serán os criterios de avaliación establecidos máis abaixo.

Para obter a NOTA aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Un 50% mediante proba escrita (exame) sobre os contidos de cada trimestre.
- Un 40% da nota procederá da observación directa do traballo académico na aula/casa (correcta realización de traballos e actividades, participación con criterio, respecto polo material empregado, e pola materia en xeral).
- Un 10% da nota procederá da realización dunha proba escrita ou oral sobre un libro de lectura relacionado co currículo.

As lecturas serán:

1ª avaliación: RELATO DE UN NÁUFRAGO de Gabriel García Márquez (en castelá).

2ª avaliación: lectura en galego (por determinar).

3ª avaliación: REBELDES de Susan Hiton (en galego ou en castelá).

A nota final obterase mediante media aritmética das tres avaliacións, e para aprobar será preciso acadar un 5 como nota mínima.

Se alguén é sorprendido copiando nalgunha das probas de avaliación, a cualificación será automaticamente de 0 puntos.

As faltas de ortografía descontarán 0,1 ata un máximo de 1 punto nas probas escritas e nos traballos.

Criterios mínimos de avaliación:

Gramática:

- Coñecer as relacións semánticas de sinonimia, polisemia, homonimia, hiperonimia, cohiponimia, polisemia e monosemia.
- Coñecer os elementos da comunicación e diferenciar as funcións da linguaxe en diferentes tipos de textos.
- Recoñecer o substantivo e as súas clases.
- Recoñecer o adxectivo cualificativo e da cualificación.
- Recoñecer o artigo e os adxectivos determinantes: demostrativo, posesivo, numeral, indefinido, exclamativo e interrogativo.
- Coñecer o concepto de verbo e identificación de morfemas verbais e a conjugación verbal.
- Coñecer e identificar o concepto de pronome e as súas clases: persoal, demostrativo, posesivo, numeral e indefinido.



- Identificar as preposicións e conxuncións máis comúns.
- Coñecer o concepto de interxección.
- Diferenciar entre oración, enunciado e frase.
- Recoñecer o suxeito e o predicado a través da concordancia.
- Identificar os constituíntes das palabras (lexemas e morfemas) e diferenciar as palabras según a súa formación (simples, derivadas e compostas).

Ortografía:

- Aplicar correcta das regras xerais de acentuación, así como a acentuación de ditongos, triptongos e hiatos.
- Usar correctamente das letras: b, v, g, j, h, x, y, ll.
- Usar correctamente os signos de puntuación.

Literatura:

- Identificar os principais xéneros e subxéneros literarios analizando diferentes textos en galego e castelán.
- Coñecer as características fundamentais dos principais xéneros literaria: narrativa, lírica e dramática.
- Ler fragmentos de diferentes obras literarias (do galego e do castelán) e extraer as súas ideas principais.
- Coñecer o concepto de narración e os seus elementos: narrador, personaxes, tempo, espazo e acción da narración.
- Realizar o reconto silábico dun verso e diferenciar os versos de arte maior e menor.
- Recoñecer a rima e os seus tipos máis importantes: rima consonante, asonancia, verso libre.
- Comprender o concepto do texto dramático e das súas clases: diálogo, monólogo e aparte.

Expresión:

- Usar rexistros adecuados nas relacións sociais.
- Elaborar textos escritos de certa extensión que cumpra coas propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Coñecer e redactar textos adecuándose ás distintas tipoloxías textuais.
- Realizar exposicións orais, segundo as normas lingüísticas, cun uso linguaxe verbal e non verbal adecuada.
- Analizar, comprender e resumir diferentes tipos de textos que se traballan na aula.

Para o BLOQUE DE COMUNICACIÓN (Lingua Inglesa)

Desenvolveranse tres avaliacións repartidas ó longo do período escolar. En cada unha realizaranse varias probas obxectivas que permitirán elaborar unha cualificación obxectiva para os merecementos e esforzo individual do alumnado.

A avaliación é continua, realizando controis cando se considere oportuno. As probas escritas serán, por suposto, coherentes co material dado na clase. Haberá, sempre que sexa posible, dúas probas na avaliación, a primeira (parcial) terá un valor de 40% e a segunda (final) 60%.

Aplicaranse probas de avaliación nas que os alumnos demostrarán o grao de coñecementos adquiridos na lingua inglesa: o seu nivel de vocabulario, comprensión lectora, comprensión oral, expresión escrita,



expresión oral e coñecementos de gramática. Estas probas estarán baseadas nos contidos programáticos desenvolvidos na clase e os alumnos deberán responder nelas a unha serie de cuestións de tipo gramatical, léxico, sintáctico, oral, auditivo.

Segundo este esquema xeral, cada profesor realizará distintos tipos de probas co fin de poder avaliar o grao de consecución dos obxectivos marcados, tendo en conta a súa especificidade e segundo as competencias e os contidos traballados.

As cualificacións das distintas avaliacións se comporán en base as seguintes porcentaxes:

Vocabulary	(35 points)	
Grammar	(35 points)	
Reading (Comprensión escrita)	(10 points)	
Writing (Expresión escrita)	(20 points)	(80%)
Listening (Comprensión oral)	(20 points)	(20%) (60%)
 SPEAKING (Expresión oral)	 (20 points)	 (20%)
 Classwork and Homework	 (20 points)	 (20%)

Os alumnos non poderán utilizar nos exames nin libros, nin apuntes nin ningún material con información da materia, resaltando a prohibición de levar calquera aparato de reprodución (MP3, MP4, móbiles, etc.). Por suposto tampouco poderán falar durante o exame nin pasarse ningún tipo de información

Recuperación de avaliacións insuficientes.

O departamento de Inglés emprega o modelo de avaliación continua, e por tanto tamén a recuperación, propio da aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Entendemos que a lingua é un todo continuo que se move cara adiante pero sempre tendo en conta o aprendido con anterioridade. Deste xeito o alumno avanza de xeito integral non so sen perder os coñecementos previos senón que os vai engadindo á bagaxe de todo o compendio da lingua.

Daquela, un alumno que non foi cualificado cunha avaliación positiva, obterá a dita cualificación positiva na anterior avaliación no momento que supere a actual.

Deste xeito non é necesario realizar probas extraordinarias de recuperación de avaliacións insuficientes. Aprobando a última avaliación, aprobarase a materia.

Cualificación final ordinaria.

Tendo en conta o escrito no apartado anterior, na materia de inglés temos avaliación continua, polo que para obter unha cualificación de APROBADO na avaliación ordinaria de xuño é condición imprescindible obter unha nota mínima de 5 na 3ª avaliación, aínda que se teña suspenso as dúas primeiras avaliacións, xa que as probas que se fan na terceira avaliación inclúen tódolos contidos traballados ao longo do curso.

Sen embargo, para facer o proceso de avaliación o máis xusto posible, e non desmotivar a aqueles alumnos que normalmente obteñen boas notas ao longo do curso, a nota na avaliación final de xuño será a mais alta de entre: a media das tres avaliacións parciais segundo a porcentaxe seguinte:

1ª avaliación (15%) / 2ª avaliación (25%) / 3ª avaliación (60%)

ou a nota da 3ª avaliación parcial.

Proba extraordinaria.



Os exames extraordinarios son únicos e comúns para tódolos alumnos de cada curso.

Nos exames extraordinarios non haberá proba de speaking.

A proba para o nivel de FP BÁSICA-2 conterá os seguintes elementos:

Vocabulary	(35 points)	
Grammar	(35 points)	
Reading (Comprensión escrita)	(10 points)	
Writing (Expresión escrita)	(20 points)	(80%)
Listening (Comprensión oral)	(20 points)	(20%)

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para SOCIEDADE E COMUNICACIÓN (Lingua galega e castelán):

Os alumnos terán unha segunda oportunidade cunha proba final de recuperación no mes de xuño, na que terán que recuperar tódalas avaliacións que teñan pendentes. O alumnado que non supere esta proba terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.

Para COMUNICACIÓN (Lingua Inglesa):

En Comunicación en lingua inglesa I non se realizarán recuperacións específicas para cada avaliación, senón que o alumno a recuperará, en caso de suspendela, se supera a avaliación seguinte. Desta maneira levarase a cabo a AVALIACIÓN CONTINUA, polo que cada avaliación incluírá os contidos das avaliacións anteriores. De non superar o exame realizado na terceira avaliación, realizarase un exame final de recuperación. O alumnado que non supere esta proba terá a posibilidade de presentarse á convocatoria extraordinaria.



6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para SOCIEDADE E COMUNICACIÓN (Lingua galega e castelá):

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado ao final do curso cunha proba escrita sobre todos os contidos do mesmo. Será cualificada de 0 a 10 puntos e considerárase superada cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos.

Para COMUNICACIÓN (Lingua Inglesa): esta proba será unha proba única que versará sobre os mínimos esixibles recollidos nesta programación. Será cualificada de 0 a 10 puntos e considerárase superada cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5 puntos. Constará de varias partes (comprensión escrita, produción escrita e tarefas de vocabulario e gramática). Proba extraordinaria. Nos exames extraordinarios non haberá proba de speaking.

A proba para o nivel de FP BÁSICA-2 conterá os seguintes elementos:

Vocabulary	(35 points)	
Grammar	(35 points)	
Reading (Comprensión escrita)	(10 points)	
Writing (Expresión escrita)	(20 points)	(80%)
Listening (Comprensión oral)	(20 points)	(20%)

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN:

Unha vez ao mes, nas reunións do departamento de cada unha das materias, farase o seguimento da programación, poñéndose en común as incidencias acontecidas e reflectindo o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións, na acta correspondente.

Trimestralmente, o profesor realizará un informe sobre o cumprimento da programación onde se indicará o cumprimento de obxectivos, contidos traballados, resultados académicos e temporalización.

Ao final do curso o profesorado completará un formulario por cada grupo de alumnos aos que impartiu docencia no que se recollerán os seguintes aspectos:



- Os contidos traballados e, no seu caso, os motivos polos que algúns deles non se completaron.
- Os obxectivos acadados.
- A porcentaxe de alumnos que supera o módulo.
- As actividades complementarias e extraescolares realizadas e a súa valoración.
- Os acordos tomados.

Toda esa información, xunto coas incidencias, cambios e propostas de cambio, serán recollidos na memoria do departamento de cada unha das materias que comprenden este Módulo que servirá de base para a elaboración da programación do seguinte curso.

Ao longo do curso, poderemos modificar certos aspectos da programación se o esixen as necesidades, lagoas ou motivacións do alumnado, pois non podemos esquecer que traballamos cun grupo que presenta niveis, ritmos e capacidades de aprendizaxe moi diferentes.

COMUNICACIÓN AO ALUMNADO DOS MÍNIMOS ESIXIBLES E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

O profesor do módulo comunicará os mínimos esixibles ao alumnado na sesión de presentación do mesmo; asemade, indicará os criterios de avaliación que se aplicarán e o seu medio de cualificación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

SOCIEDADE E COMUNICACIÓN (Lingua galega e castelá)

Ao inicio do curso, realizaranse probas diagnósticas para avaliar os coñecementos previos do alumnado. O alumnado deste grupo inicia este curso con distintos niveis de coñecemento e capacidades lingüísticas, polo que os test de diagnóstico inicial que se obteñen, xunto cos informes elaborados polo Departamento de Orientación, son fundamentais para avaliar as necesidades individuais de cada alumno/a ao inicio do curso. O profesorado, á vista dos resultados da avaliación inicial, adaptará os materiais didácticos para facilitar que os alumnos/as acaden as capacidades que leven á consecución dos contidos mínimos establecidos para cada unidade formativa.

Partindo da circunstancia de que o alumnado en FP Básica non foi quen de dar os mínimos das diferentes etapas da Secundaria, tratarase de responder á diversidade do alumnado e promoverase unha educación inclusiva que lle facilite acadar os obxectivos e a titulación correspondente.

COMUNICACIÓN (Lingua Inglesa):

Dado que que o alumnado en FP Básica non foi quen de dar os mínimos das diferentes etapas da Secundaria, tratarase de responder á diversidade do alumnado e promoverase unha educación inclusiva que lle facilite acadar os obxectivos e a titulación correspondente. Ademais, á vista dos resultados da avaliación inicial, poderán adaptarse os materiais didácticos coa finalidade de facilitar que os alumnos/as acaden as



capacidades que leven á consecución dos contidos mínimos establecidos para cada unidade didáctica.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

SOCIEDADE E COMUNICACIÓN (Lingua galega e castelá)

Realizaranse actividades básicas, para cubrir lagoas de coñecementos elementais, e actividades de reforzo para asentar os contidos tratados co obxectivo de que o alumnado que máis o precise poida camiñar con máis seguridade.

Propoñeranse actividades de ampliación para o alumnado que teña un nivel maior da media do grupo. Para o alumnado que, a pesar das medidas de reforzo, non acade os resultados de aprendizaxe marcados, deseñaranse unhas medidas de recuperación ou reforzo empregando diferentes recursos: lecturas de textos que lle poidan axudar a entender conceptos básicos, exercicios de repaso online e interacción con outros compañeiros en actividades de ensino-aprendizaxe nas que o alumnado máis motivado poida axudar a aqueles con máis dificultades. Polo xeral, todas estas actividades serán facilitadas ben a través da Aula Virtual, ben a través de copias impresas, nomeadamente no caso de alumnado con problemas de conexión á rede ou non dispoñibilidade de dispositivos de traballo.

Tamén se contempla a posibilidade de que, se a Consellería así o concede, axude na clase profesorado do programa PROA.

COMUNICACIÓN (Lingua Inglesa):

Realizaranse actividades básicas, para cubrir lagoas de coñecementos elementais, e actividades de reforzo para asentar os contidos.

Para o alumnado que, a pesar das medidas de reforzo, non acade os resultados de aprendizaxe marcados, deseñaranse outras medidas de recuperación ou reforzo con diferentes recursos: lecturas de textos que lle poidan axudar a entender conceptos básicos, exercicios de repaso online e interacción con outros compañeiros en actividades de ensino-aprendizaxe nas que o alumnado máis motivado poida axudar a aqueles con máis dificultades.

As medidas de reforzo da parte procedemental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos cunha metodoloxía distinta e máis detallada.

Estes supostos serán resoltos polo alumno/a sempre coa axuda do profesor.

As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno/a e coa axuda do profesor tamén.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Nas clases traballaranse diferentes temas transversais a partir de textos:

- Educación para a paz.
- Rexeitamento da violencia machista.
- Rexeitamento de actitudes xenófobas.



- O problema do acoso escolar.
- O respecto.

Faranse respectar as normas de convivencia na aula, nos recreos e nas gardas e insistirase na importancia do seu cumprimento por todos os membros da comunidade educativa. Educarase nos seguintes valores:

EDUCACIÓN AMBIENTAL:

A educación ambiental debe partir do suposto de que a conservación do medio natural, por parte dos individuos e por parte dos estados, é o resultado dunha actitude que xorde como consecuencia da asociación duns valores que rematan establecendo normas por parte das administracións. O ensino ten a misión de fomentar actitudes de respecto coa natureza nos alumnos/as, co fin de que obteñan unha formación medioambiental que lles permita ser conservacionistas, tanto como persoas individuais como integrantes dunha sociedade.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE:

Fomentamos os coñecementos do alumnado en relación coa súa saúde e os hábitos saudables, de coidado e hixiene.

EDUCACIÓN SEXUAL E PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS:

O tratamento deste tema transversal realízase de forma natural, aínda que científica e respectuosa coa persoa. A educación para a igualdade entre os sexos é un contido transversal que debe ser tratado de xeito ineludible e continuado, de maneira directa ou indirecta, pero sempre buscando a reflexión e a crítica de actitudes sexistas, para contribuír á integración destes valores no alumnado. Co uso dunha linguaxe coeducativa que exclúa calquera discriminación por razón de sexo presentando sempre á muller en situacións de igualdade con respecto ao home tanto no campo do traballo como noutros ámbitos cotiáns.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMIDOR:

Este tema transversal está estreitamente relacionado, tanto coa Educación ambiental nos aspectos relativos ao uso responsable dos recursos naturais e á crítica da presión consumista, que agrede á natureza acelerando o uso de recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable, como coa Educación para a saúde nos aspectos sobre elección de alimentos axeitados, a verificación das normas e condicións de conservación, a comprobación da etiquetaxe, etc...

A educación para o consumo deberá fomentar actitudes no eido da saúde, consumo, aplicacións químicas para a obtención e conservación dos produtos alimentarios, etc...

A educación para o lecer, a educación vial, a educación para a paz, etc... están tamén ligadas a actitudes da nosa materia. Contribuiremos a valorar a necesidade de dispoñer de tempo libre que permita a realización de actividades que supoñan un enriquecemento persoal, disfrutando da natureza, do entorno, da cultura, da ciencia.

Fomentaremos hábitos de conciencia cidadá en relación coa circulación e os riscos que comporta.

Contribuiremos tamén a fomentar a toma de decisións individuais ante un conflito, tendo en conta os puntos de vista e as necesidades de todos os implicados e ao desenvolvemento na súa vida cotiá de comportamentos coherentes cos principios e normas que defendan persoalmente.



Promoveremos a tolerancia e o respecto á dignidade e igualdade de todas as persoas, independentemente da súa condición, sexo, relixión, cultura, etnia, nacionalidade, ideoloxía ou lingua e rexeitarase calquera tipo de discriminación; o respecto e o cumprimento das normas de convivencia do Centro e o coidado no uso das dependencias e materiais; a solidariedade entre todos os membros da comunidade educativa, a colaboración e a responsabilidade.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O alumnado participará, se se considera oportuno, naquelas actividades complementarias, organizadas por calquera dos departamentos involucrados, tales como charlas ou conferencias sobre temas que se consideren de interés para eles. Para alén diso, durante o curso 2023/2024, plantearase a posibilidade de que o alumnado poida participar no Programa Emprende.